A clave política na crise chinesa

Description

A desaceleración da economía chinesa é resultado da propia iniciativa reguladora tomada polo país? Pódese planificar unha crise? A debilidade dos pedidos industriais, o retroceso do emprego, a baixa da produción como consecuencia da contracción da demanda en Europa, a atonía do sector produtivo, fan sospeitar aos observadores especializados e fundamentan unha sombra de inquietude sobre a capacidade do actual liderado para superar os déficits socio-económicos e políticos que o réxime decidiu afrontar desde 2012.

A desaceleración da economía chinesa é resultado da propia iniciativa reguladora tomada polo país? Pódese planificar unha crise? A debilidade dos pedidos industriais, o retroceso do emprego, a baixa da produción como consecuencia da contracción da demanda en Europa, a atonía do sector produtivo, fan sospeitar aos observadores especializados e fundamentan unha sombra de inquietude sobre a capacidade do actual liderado para superar os déficits socio-económicos e políticos que o réxime decidiu afrontar desde 2012.

O crecemento actuou sempre como o principal faro do éxito do experimento chinés. As taxas desde 1980 estiveron por riba do 9 por cento salvo a finais desa década e dez anos máis tarde, ao comezo do século XXI. Pero desde 2011 vén manifestando un descenso regular. Tralas convulsións do mercado bursátil do verán pasado, a moderación é un efecto insoslaiable da transición cara a unha economía non tan dependente dos investimentos públicos e de estratexias de endebedamento máis prudentes que deixan entrever a redución de apoios a sectores e empresas en dificultades e con escaso futuro.

Todo o ano 2015 estivo marcado en China por certo sentimento de que as cousas van peor do que prognosticaban os planificadores. Ao comezo do exercicio, nas sesións anuais lexislativas, abordouse un retrato das dificultades que pesan sobre a economía: o investimento contráese, o consumo se estanca, o costo do traballo aumenta, as pemes non poden acceder ao crédito, os beneficios das industrias tradicionais redúcense, a oferta de emprego se debilita, as rendas dos particulares caen, etc. A todo iso deben engadirse as flutuacións á baixa do sector inmobiliario, o repunte das débedas tóxicas dos bancos, as dificultades do sector agrícola, o agravamento da problemática ambiental e certo rexurdir dos conflitos laborais. Este retrato invita a pensar que a necesidade dos axustes alcanzou un punto crítico, pero a capacidade de actuar, recoñecíase no propio Parlamento chinés, estaba limitada polos intereses particulares e corporativos profundamente instalados en determinados segmentos do aparello partidario e estatal. A contracción do crecemento é inseparable da reestruturación da economía.

Algúns expertos chineses vaticinan que 2016 será un ano convulso a medida que a reestruturación nos grupos públicos intensifíquese, evidenciando notorios problemas como o “desemprego invisible”, hoxe sometido a control. Dúas tendencias cabe destacar. Unha apunta a salvar os grandes conglomerados que forman parte da raíz do tecido industrial tradicional mediante fusións. Outra, o desexo de saneamento. A Academia de Ciencias Sociais prevé que en 2016 aumentarán os despedimentos e o sector servizos non será capaz de reabsorber os excedentes. O emprego tamén se reducirá a medida que se relocalicen empresas chinesas no estranxeiro. Fontes oficiais destacan que o 39,7 por cento das empresas estatais teñen perdas e moitas suspenderon, total ou parcialmente, a produción atrasando o pago de salarios aos traballadores.

Estímase que os xigantes industriais deteñen o 70% da débeda chinesa. Nunha xungla de grupos conectados ao poder, a simplificación podería diminuír as oportunidades de corrupción e mellorar a xestión, pero os bastións conservadores, onde se cruzan os clans políticos rivais e os intereses económicos, opoñerán seria resistencia. O axuste industrial e socioeconómico en curso pode provocar disturbios internos serios, din quen consideran que a transición non será fácil nin pacífica. Segundo o instituto Hurun de Shanghai, un 64 por cento das grandes fortunas chinesas mostraban en 2014 claras intencións de saír do país.

A severidade da loita contra a corrupción aumenta a popularidade de Xi fronte aos rancores dos usufrutuarios dos antigos esquemas de desenvolvemento, hoxe insostibles. O novo liderado trata de gañar tempo para que a confianza social non se debilite en tanto non se aprecian os resultados dos esforzos na redución das diferenzas de desenvolvemento e desigualdades. Pero o proceso de axuste durará, polo menos, ata 2019. En 2015 rexistrouse un aumento do 70 por cento

no número de multimillonarios en dólares dos cales un 25 por cento, polo menos, son membros do PCCh. A crise non afecta a todos por igual. Tampouco en China.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

China e o mundo chinés

ETIQUETAS

China crise Economía corrupción PCCh Empresas estatais

IDIOMA

Galego

Date Created
Marzo 22, 2016
Meta Fields

Autoria :	3717
Datapublicacion :	2016-03-22 00:00:00